

NON HAI BERCE COMA O COLO

Proxecto de **MAGOIA BODEGA**
e **PAULO NOGUEIRA**
Ilustracións de **MARIONA CABASSA**

Voces de **SONIA LEBEDYNSKI, MINI RIVAS,**
MERCHI RODRÍGUEZ (LEILÍA)

Interpretacións musicais de **PANCHO ÁLVAREZ,**
NAVIA RIVAS, CÉSAR LONGA,
BEGOÑA RIOBÓ, SEGUNDO GRANDÍO,
MAGOIA BODEGA, PAULO NOGUEIRA

Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. 48 páx. 20 €.

ISBN 986-84-8464-907-6. Libro-disco.

Presentación de Magoia Bodega e Paulo Nogueira. Limiar de Mini Rivas.

*Estes cantos de berce, noutrora abondosos
e hoxe case inexistentes, transmitían as palabras primeiras.
Palabras que completaban o universo sonoro
co amor vertido sobre a criatura...*

[Fragmento do prólogo de Mini Rivas]

Unha voz murmuradora, unha melodía suave e o movemento acompasado foron dende tempo inmemorial a receita coa que adormecían os meniños, especialmente sensibles para captar esas sonoridades e abaneos envoltos de afectividade. O remedio aos medos, aos desacougos e aos choros está na tenrura destes cantos de berce, auténtica poesía infantil de tradición oral que achega os cativos ao mundo máis próximo, que lles proporciona ritmo prosódico e corporal, que lles transmite unha valiosa bagaxe para o seu crecemento persoal.

A riqueza deste patrimonio -que en Galicia conta con auténticas alfaias melódicas da tradición oral e musical- non debe caer no esquecemento. O proxecto dirixido por Magoia Bodega e Paulo Nogueira, coa colaboración de destacados músicos e intérpretes, persegue que estes arrollos sigan cantándose nos fogares.

As 15 pezas seleccionadas no libro-disco «Non hai berce coma o colo» -concebido como un agasallo para os bebés- conforman unha viaxe musical pola xeografía galega, dende Viveiro a Domaio, pasando por Ribeira de Piquín. Letras tradicionais, música e imaxe transportánnos tamén a outro territorio imprescindible: o da memoria.

Mariona Cabassa ilustra cada canto con escenas de intenso colorido, nas que destaca o protagonismo da natureza e da familia, na súa diversidade.



- **Temática:** libro-disco con 15 cantos de berce tradicionais.
- **Idade recomendada:** dende 0 anos; familia.
- **Aspectos destacables:** as letras destes cantos de berce son tradicionais; tradición oral, poesía; música tradicional galega, pre-lectores, maternidade; libro personalizable; da ilustradora de «A familia C» (III Premio Internacional Compostela) e «Bululú».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/non-hai-berce-g>

Magola Bodega e Paulo Nogueira

Magoia Bodega (Vigo, 1975) comezou a súa traxectoria no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde completou os estudos de gaita, piano e frauta de pico. Formou parte do grupo Muxicas dende 1990 ata a desaparición desa formación, coa que gravou os discos «Escoitando medra-la herba», «No colo do vento», «Naturalmente» e «20 anos de camiño». Ten colaborado con músicos como Rodrigo Romaní e Susana Seivane. Incorporouse a Treixadura en 2008. Paulo Nogueira (Santiago, 1974) iniciouse como gaitero da man de Nando Casal (Milladoiro), fundando en 1990 o grupo Ansuiña, en Vilanova de Arousa. Dende 1995 é gaitero e percusionista do grupo Treixadura (Premio Galego da Música). Ambos son mestres de Primaria; realizaron a dirección e a produción musical dos traballos audiovisuais «O Quiquiriquí» e «Pelo Gato 24». Tamén se ocuparon dos arranxos e da produción musical do libro-disco «Pan de millo», de Migallas (KALANDRAKA).

Mariona Cabassa

(Barcelona, 1977)

Estudou na Escola Massana de Barcelona e completou a súa formación en Francia. Participou en exposicións colectivas de gravado e ilustración. Ademais do III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «A familia C» (KALANDRAKA), recibiu o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña en 2003 e 2009. Foi seleccionada en 2005 para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Traballa como ilustradora e imparte cursos de arte e deseño.

www.marionacabassa.es

